

# Realmente... Quen é quen?

Identificar a cada profesional sanitario en base aos seus coñecementos de nutrición é cando menos un labor controvertido. Sinceramente, salvo no caso dos propios implicados os cidadáns non teñen nada claro quen é quen nestas cuestións. No presente artigo tratarase de aclarar a formación e en certa maneira os coñecementos e perspectivas profesionais de cada un dos “expertos en nutrición” e en base á actual lexislación. De feito e máis aló dos propios profesionais, un dos maiores problemas neste terreo é que segundo parece todo o mundo é capaz de opinar, e faio sen ningún problema, sobre as cuestións dietético-nutricionais. O tema non é sinxelo.

O primeiro de todo faise preciso sinalar aquelas formacións que, polas súas características no marco dunha formación regrada, terminan por outorgar unha titulación oficial intrinsecamente relacionadas coas cuestións nutricionais. Existen tres títu-

**“Os cidadáns non teñen nada claro quen é quen nestas cuestións”**

los académicos, que estando oficialmente recoñecidos, atopan xa na súa propia denominación unha estreita relación coa nutrición e chegado o caso coa dietética:

- **Graduado Universitario en Nutrición Humana e Dietética:** O título como se pode observar facilmente xa dá unha idea da formación que recibirán estes profesionais durante 4 cursos académicos. Trátase dun grao universitario recoñecido na Lei de Ordenación de Profesións Sanitarias (LOPS 44/2003) co cal se trata dun profesional sanitario que “desenvolven actividades orientadas á alimentación da persoa ou de grupos de persoas, adecuadas ás necesidades fisiolóxicas e, no seu caso, patolóxicas das mesmas, e de acordo cos principios de prevención e saúde pública”. Os profesionais con este título denomínanse “dietistas-nutricionistas”. Este Grao oficial, conducente a unha profesión regulada, pódese cursar a día de hoxe en máis de vinte universidades españolas.



**RICARDO MORADO ÁLVAREZ,**  
grupo de traballo de *Dietética de Atessga*

- **Técnico Superior en Dietética:** De novo a propia nomenclatura xa dá idea da especificidade da formación recibida. Neste caso trátase de estudos de formación profesional de grao superior, tamén de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e cunha duración duns dous anos. Esta titulación atópase recollida así mesmo dentro da LOPS 44/2203 como unha profesión da área sanitaria con formación profesional. A súa competencia xeral é “Elaborar dietas adaptadas a persoas e/ou colectivos e controlar a calidade da alimentación humana, analizando os seus comportamentos alimentarios e as súas necesidades nutricionais; programar e aplicar actividades educativas que melloren os hábitos de alimentación da poboación, baixo a supervisión correspondente”. A súa correcta denominación profesional é “técnico superior en dietética” e o título pódese obter nos diversos institutos e centros que ofrezan Formación Profesional.
- **Especialidade en endocrinoloxía e nutrición:** Neste caso estamos ante unha especialidade médica, é dicir, precísase que os profesionais estean en posesión da licenciatura ou grao en medicina. Trátase pois dunha titulación verificada polo Consello Nacional de Especialidades Médicas e que por suposto tamén se atopa recollido na LOPS 44/2003. Entre as súas competencias xerais e formación atópase “o coñecemento teórico e práctico das correspondentes técnicas diagnósticas, medidas dietéticas e terapéuticas así como as normas de Medicina Preventiva relacionadas con estes campos. O especialista en Endocrinoloxía e Nutrición é o competente para atender tanto de forma ambulatoria como hospitalaria, todas as patoloxías que corresponden á especialidade ao longo de todo o ciclo vital”. Nin que dicir ten que neste caso a formación está enmarcada nun plan a máis longo prazo dos profesionais e que a súa obtención estará asociada á formación daqueles médicos residentes que obtivesen praza nesta especialidade. A súa denominación será de “especialista en endocrinoloxía e nutrición”.

Existen outras titulacións oficiais, moitas delas sanitarias -pero non todas- que inclúen no seu currículo formativo pequenos aportes (pequenos en comparación cos anteriormente citados)

sobre cuestións dietético-nutricionais. As máis evidentes son as dos Graos en Farmacia, en Enfermería e chegado o caso o de Fisioterapia ou o de CC da Actividade Física e o Deporte. Na maior parte dos casos a partir de materias illadas, relativamente curtas e en ocasións optativas (é dicir que non son obrigatorias e uns alumnos cursarían e outros non). A diferenza das anteriores este tipo de titulacións non fai “especialistas” nin “expertos” en nutrición ou dietética a quen as posúe, polo menos a priori e salvo especialización posterior, tal e como reflecte alguna sentenza do Tribunal Supremo. De feito, a súa denominación profesional será aquela que posibilite o seu título, é dicir, de profesionais da farmacia, enfermería, fisioterapia, etcétera. Para que se entenda ben, sucede igual que con algunhas das materias que podemos atopar no Grao de Nutrición Humana e Dietética ou de Técnico Superior en dietética... por exemplo as de fisiopatoloxía ou farmacoloxía, e que a ninguén se lle ocorrería pensar que terminasen na obtención de competencias como as dun profesional da medicina ou da farmacia (a pesar do seu nome).

Ademais, é moi posible, e en realidade relativamente frecuente, que estes profesionais cursen estudos posteriores de master ou posgraos nos que a nutrición e dietética sexan materias principais (por dicir algo e para que se entenda, Máster en Nutrición Clínica). Neses casos a súa formación anterior prevalecerá na súa denominación profesional, podendo matizala en cada caso co título do máster que cursasen. En resumo na miña opinión e moitos outros que pensan coma mín, estes non serían profesionais da nutrición e da dietética como si o serían os do primeiro epígrafe. Polo menos desde o punto de vista académico e formal.

Máis aló do ata aquí comentado existen unha extensa e lamentable oferta de cursos, formacións, actualizacións, etcétera que convidan a crer ao posible e futuro alumno que á consecución dos seus “estudios” poderá desempeñar funcións profesionais intrinsecamente relacionadas coa nutrición e dietética. Ofrecense a través de academias, centros de formación, etcétera de dubidosa reputación e a súa titulación é de todo menos oficial. A súa publicidade, especialmente agresiva á hora de asegurar postos de traballo e capacitacións co seu título ou diploma, é unha bendición especial ao considerar a validez da titulación en cuestión.

Por último, cabe débese denunciar a todas aquelas persoas que con máis entusiasmo ou caradura que coñecemento se autoerixen como “expertos en nutrición”, “nutricionistas” ou coaches sen ter nin a máis mínima das acreditacións académicas que o xustifiquen. Nesta banda te-

mos a “asesores” de Herbalife, Amway, 4 Life ou outras empresas polo estilo de negocio multinivel, ou simplemente a famosos que viron nisto da nutrición un filón co que poder aproveitarse da candidez de propios e estraños.

Máis aló da titulación que alguén posúa, aos arribistas recentemente mencionados non lles alude esta aclaración, o exercicio profesional da nutrición e a dietética con título préstase, lamentablemente tamén, a algunhas prácticas indesezables. É unha pena, pero algunhas persoas viron neste terreo un auténtico filón e lanzáronse á súa explotación pasando por encima dos máis elementais conceptos deontolóxicos e prometen resultados milagrosos ou fan uso de “coñecementos” e técnicas que en ocasións están encadradas no terreo das pseudociencias, converténdose ao meu modo de ver en estafadores con diploma universitario. Insisto: con independencia do seu título... e conteino con todo detalle neste artigo. Por outra banda, existen moitos e bos divulgadores en materia de nutrición e dietética que non teñen ningunha das titulacións descritas no primeiro epígrafe. Que eu saiba nunca se definiron, profesionalmente falando como nutricionistas ou con calquera outra expresión de similar significado. Ha de quedar claro que para

## “Trátase de estudos de Formación Profesional de Grao Superior”

falar con propiedade nos medios de comunicación sobre un determinado tema non fai falta ter ningunha titulación concreta. Só é preciso iso, falar con propiedade. E en España hai moitos e bos divulgadores con estas características.

Por último, mencionar que este repaso aos méritos académicos de titulacións e denominacións relacionados coa dietética e a nutrición só ten valor en España. Máis aló das nosas fronteiras (noutros países da UE, EEUU, Canadá, Australia, Sudamérica, etc) as denominacións concretas poden variar notablemente en comparación ás de España. Por poñer só un exemplo, en UK e baixo o termo *dietitian* recóllese a todos aqueles profesionais cunha formación regrada, mentres que o termo *nutritionist* pode ser utilizado por case non importa quen. Por tanto, reitero, que neste sentido cada país ten os seus propios matices en relación á nomenclatura dos profesionais que exercen o seu labor profesional neste terreo.